



CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

Data e hora de celebración

Xoves, 23 de novembro do 2023, ás 10:30 horas.

Lugar de celebración

Sala de Xuntas da Casa do Concello.

Asistentes

- **Presidenta:** D^a Sandra Fernández Fernández, Concelleira delegada de Economía, Facenda e Contratación.
- **Vocais:**
 - D^a M^a Pilar Cela Álvarez, Secretaria Accidental do Concello
 - D. Vicente José Calvo del Castillo, Interventor do Concello.
 - D. Marcos Veiga Rodríguez, Xefe servizo Interior
- **Secretario da Mesa:** D. Iago A. López Álvarez, auxiliar administrativo da área de Contratación
- **Técnicos asistentes:**
 - D^a Isabel M^a Freire Ramos, enxeñeira municipal de Obras Públicas, para as licitacións nº 2023/CONTRAT/000133, 2023/CONTRAT/000113 e 2023/CONTRAT/000136
 - D. José Luis Jares Vázquez, Arquitecto Técnico Municipal, para a licitación nº 2023/CONTRAT/000138

Habendo quórum, procédese a tratar os seguintes asuntos que figuran na Orde do Día:





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

Orde do Día

1.- 2023/CONTRAT/000144: CONTRATO MIXTO DE CONCESIÓN DE SERVIZOS, DE SERVIZO DE LIMPEZA E DE SERVIZO DE INFORMACIÓN TURÍSTICA DO LOCAL SITO NO PARQUE DAS TRECE ROSAS

Acto non público de:

- Apertura dos sobres nº 1 (documentación administrativa)
- Apertura, se procede, dos sobres nº 2 (criterios subxectivos suxeitos a avaliación previa)

2.- 2023/CONTRAT/000162: SERVIZO DE PRODUCCIÓN GRÁFICA DE 16.000 EXEMPLARES DUN LIBRO GUÍA DE EMPRESAS E SERVIZOS DO CONCELLO DE OLEIROS

Acto ⁽¹⁾ de:

- Apertura dos sobres únicos (documentación administrativa e proposición)
- Valoración, se procede, dos criterios de adxudicación.
- Proposta de adxudicación, se procede.

⁽¹⁾ A apertura da documentación administrativa levarase a cabo en acto non público e a apertura da proposición en acto público.

3.- 2023/CONTRAT/000153: CONTRATACION DO MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS TÉRMICAS DO CONCELLO DE OLEIROS

Acto ⁽¹⁾ de:

- Apertura dos sobres únicos (documentación administrativa e proposición)
- Valoración, se procede, dos criterios de adxudicación.
- Proposta de adxudicación, se procede.

⁽¹⁾ A apertura da documentación administrativa levarase a cabo en acto non público e a apertura da proposición en acto público.

4.- 2023/CONTRAT/000133: ACONDICIONAMENTO DA RÚA BREA, RÚA BARCALA, RÚA ESPADANA E UN TREITO DA RÚA FORNOS

Acto público de:

- Valoración dos sobres nº 2 (criterios subxectivos suxeitos a avaliación previa)
- Apertura, se procede, dos sobres nº 3 (criterios obxectivos suxeitos a avaliación posterior)





**CONCELLO DE
OLEIROS**

**> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio**

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

- Valoración, se procede, dos sobres nº 3.
- Proposta de adxudicación, se procede

5.- 2023/CONTRAT/000113: ACONDICIONAMENTO DAS RÚAS HUMBOLDT E LINNEO (PERILLO)

Acto público de:

- Dítame sobre das ofertas incursas na situación de anormalmente baixas
- Valoración, se procede, dos sobres "C".
- Proposta de adxudicación, se procede.

6.- 2023/CONTRAT/000136: PAVIMENTACIÓN E ACONDICIONAMENTO DA RÚA PIÑEIRO (POS+ADICIONAL 2023)

Acto público de:

- Dítame sobre das ofertas incursas na situación de anormalmente baixas
- Valoración, se procede, dos sobres "C".
- Proposta de adxudicación, se procede.

7.- 2023/CONTRAT/000138: SUBSTITUCIÓN DO PAVIMENTO DAS SENDAS PEONÍS DO PARQUE DAS 13 ROSAS – AS GALERAS (POS+ ADICIONAL 2/2023 1ª FASE)

Acto público de:

- Dítame sobre das ofertas incursas na situación de anormalmente baixas
- Valoración, se procede, dos sobres "C".
- Proposta de adxudicación, se procede.





1.- 2023/CONTRAT/000144: CONTRATO MIXTO DE CONCESIÓN DE SERVICIOS, DE SERVICIO DE LIMPEZA E DE SERVICIO DE INFORMACIÓN TURÍSTICA DO LOCAL SITO NO PARQUE DAS TRECE ROSAS

Na sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local que tivo lugar o día 25 de outubro de 2023, aprobouse o expediente administrativo para a contratación, por medio de procedemento aberto con multiplicidade de criterios de avaliación, do contrato mixto denominado “Contrato mixto de concesión de servizos, servizo de limpeza e de información turística do local sito no Parque das 13 Rosas”.

O importe de licitación, para un prazo de execución de dez anos, é de 154.520,80 € ao que se lle suma un 21% de IVE (32.449,37 €), o que supón un importe de 186.970,17 € IVE engadido. O valor estimado ascende a 154.520,80 €.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 27 de outubro do 2023.

Rematado o día 22 de novembro do 2023 o prazo de presentación de ofertas resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación de oferta
EQUISCONCEPT, S.L.	B13921945	22-11-2023 15:52
JACOBO ASTRAY TUDELA	46902524g	22-11-2023 14:01

De seguido, procédese, en acto non público, á apertura do arquivo ou sobre electrónico nº 1 presentado polas empresas licitadoras denominado “Documentación administrativa”. Deste xeito, a Mesa realiza as seguintes comprobacións:

Contido	Documento no que figura	EQUISCONCEPT, S.L.	JACOBO ASTRAY TUDELA
Autorizacións e declaracións	Datos do licitador a efectos de notificación electrónica	Anexo III	Cumpre
	Autorizacións para a consulta de datos	Anexo III	Cumpre
	Pertenza ou non a grupo de empresas	Anexo III	Cumpre
	Compromiso de constitución de UTE	Anexo III	Cumpre
	Datos de subcontratación	Anexo III	Cumpre
Capacidade de obrar	DEUC	DEUC incompleto	Non presenta DEUC
Cumprimento coas obrigas tributarias	DEUC	DEUC incompleto	Non presenta DEUC
Cumprimento coas obrigas da Seguridade Social	DEUC	DEUC incompleto	Non presenta DEUC





Non estar incurso en incompatibilidades	DEUC	DEUC incompleto	Non presenta DEUC
Non prohibición de contratar	DEUC	DEUC incompleto	Non presenta DEUC
Declaración de sometemento á lexislación española	DEUC	DEUC incompleto	Non presenta DEUC
Solvencia técnica	DEUC	DEUC incompleto	Non presenta DEUC
Solvencia económica	DEUC	DEUC incompleto	Non presenta DEUC
Compromiso seguro RC	Compromiso	Cumpre	Cumpre

Así, a Mesa comproba que:

- a) EQUISCONCEPT SL. (B13921945): Presenta o documento DEUC incompleto. Deberán de presentar as partes III e IV de dito documento debidamente cumprimentadas, de acordo ao establecido na cláusula 3.1.4, apartado b) do PCAP.
- b) D. JACOBO ASTRAY TUDELA (46902524g): Non presenta o documento DEUC, tal como establece a cláusula 3.1.4, apartado b) do PCAP. Deberá presentalo debidamente cumprimentado.

Deste xeito, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Admitir provisionalmente a EQUISCONCEPT SL. e a b) D. JACOBO ASTRAY TUDELA, concedéndolles un prazo de 4 días hábiles para que emenden os defectos detectados na documentación presentada.





2.- 2023/CONTRAT/000162: SERVIZO DE PRODUCCIÓN GRÁFICA DE 16.000 EXEMPLARES DUN LIBRO GUÍA DE EMPRESAS E SERVIZOS DO CONCELLO DE OLEIROS

Por Resolución da 1ª Tenente da Alcalde nº 2023005519, de 7 de novembro do 2023, aprobouse o procedemento aberto simplificado sumario para a contratación do servizo denominado “SERVIZO DE PRODUCCIÓN GRÁFICA DE 16.000 EXEMPLARES DUN LIBRO GUÍA DE EMPRESAS E SERVIZOS DO CONCELLO DE OLEIROS”.

O importe de licitación é de 34.615,38€, ao que se lle suma un 4 % de IVE (1.384,62€), o que supón un importe de 36.000,00€ IVE engadido. O prazo de execución do referido contrato é de 15 días laborais, sen posibilidade de prórrogas, tal e como se establece nos pregos de cláusulas técnicas do contrato. O valor estimado ascende a 34.615,38 €.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 8 de novembro do 2023

Rematado o día 22 de novembro do 2023 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

Nombre de la Empresa	Nº Identificación	Fecha y hora de presentación de oferta
AGENCIA GRAFICA GALLEGA, S.L.U.	B15255920	20-11-2023 18:26
ANZOS, S.L.U	B28785772	17-11-2023 11:08
PRINTER BROK 2010 SL	B54741905	20-11-2023 11:47
PRODUCCIONES MIC, S.L.	B24301871	22-11-2023 15:18

De seguido, a Mesa procede á apertura do arquivo ou sobre electrónico Único presentado polas empresas licitadoras denominado “Documentación administrativa e proposición”.

Deste xeito, con respecto á documentación administrativa, en acto non público, a Mesa realiza as seguintes comprobacións:

Contido		Documento no que figura	AGENCIA GRAFICA GALLEGA, S.L.U.	ANZOS, S.L.U	PRINTER BROK 2010 SL	PRODUCCIONES MIC, S.L.
Autorizacións e declaracións	Datos do licitador a efectos de notificación electrónica	Anexo IV	Cumpre	Non presenta	Cumpre	Cumpre
	Autorizacións para a consulta de datos	Anexo IV	Cumpre	Non presenta	Cumpre	Cumpre





	Pertenza ou non a grupo de empresas	Anexo IV	Cumpre	Non presenta	Cumpre	Cumpre
	Compromiso de constitución de UTE	Anexo IV	Cumpre	Non presenta	Cumpre	Cumpre
	Rexistro contratistas	Anexo IV	Cumpre	Non presenta	Cumpre	Cumpre
	Datos de subcontratación	Anexo IV	Cumpre	Non presenta	Cumpre	Cumpre
Capacidade de obrar		DEUC	Cumpre	Non presenta	Cumpre	Cumpre
Cumprimento coas obrigas tributarias		DEUC	Cumpre	Non presenta	Cumpre	Cumpre
Cumprimento coas obrigas da Seguridade Social		DEUC	Cumpre	Non presenta	Cumpre	Cumpre
Non estar incurso en incompatibilidades		DEUC	Cumpre	Non presenta	Cumpre	Cumpre
Non prohibición de contratar		DEUC	Cumpre	Non presenta	Cumpre	Cumpre
Declaración de sometemento á lexislación española		DEUC	Cumpre	Non presenta	Cumpre	Cumpre
Solvencia técnica		DEUC	Cumpre	Non presenta	Cumpre	Cumpre
Solvencia económica		DEUC	Cumpre	Non presenta	Cumpre	Cumpre

Así, a Mesa comproba que a empresa Anzos, S.L.U. non presenta documentación administrativa algunha, excepto o Anexo V “Declaración responsable de protección de menores”, que, tal e como se indica no prego, non hai que cubrir para a presente licitación. Ao non presentar tampouco declaración referente á inscrición no rexistro de contratistas, a Mesa comproba de oficio que a empresa non figura inscrita no Rolece nin no rexistro de contratistas da Xunta de Galicia.

O art. 159.4.a) da LCSP establece para os procedementos abertos simplificados, como é o caso, a obriga de que os licitadores que se presenten deberán estar inscritos no ROLECE ou no Rexistro Oficial de Contratistas da correspondente Comunidade Autónoma na data final de presentación de ofertas.

Por outra parte, faise constar que a oferta económica presentada pola empresa supera o importe máximo de licitación, o que tamén sería motivo de exclusión.

En consecuencia; a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- EXCLUIR desta licitación a empresa “ANZOS, S.L.U” (B28785772) por non figurar inscrita no ROLECE ou no Rexistro Oficial de Contratistas da correspondente Comunidade Autónoma na data final de presentación de ofertas, e por tratarse este dun erro non subsanable de conformidade coa lexislación vixente.

A Mesa considerou correcta a documentación presentada polas restantes empresas presentadas, admitíndoas, polo que, por unanimidade, acorda:

SEGUNDO.- Admitir o resto de empresas presentadas a esta licitación.





Así, a continuación, a Mesa procede, en acto público ao que non se presenta ningún asistente, á apertura da oferta económica e demais criterios obxectivos citados no prego de cláusulas administrativas das empresas admitidas. Esta documentación é remitida aos servizos económicos da Mesa para a súa avaliación.

Os servizos económicos da Mesa de Contratación, unha vez comprobado que, consonte ao establecido nos pregos, as ofertas presentadas non se atopan en situación de oferta anormalmente baixa, proceden a valoralas e puntualas. O resumo das puntuacións achégase no seguinte cadro:

CRITERIO		AGENCIA GRAFICA GALLEGA, S.L.U.	PRINTER BROK 2010 SL	PRODUCCIONES MIC, S.L.
Oferta económica sen IVE	Importe	34.405,00 €	34.427,07 €	32.940,00 €
	Puntos	2,28/ 80,00	2,02/ 80,00	18,07/80,00
Redución do prazo de entrega	Días	Sí, a 12 días	Non	Sí, a 10 días
	Puntos	10,00 / 20,00	00,00 / 20,00	20,00 / 20,00
PUNTUACIÓN TOTAL ÚNICO		12,28/ 100	2,02/ 100	38,07/100

Dada a valoración exposta, establécese a seguinte listaxe ordenada por puntuación:

POSIC.	EMPRESA	NIF	TOTAL
1	PRODUCCIONES MIC, S.L.	B24301871	38,07/100
2	AGENCIA GRAFICA GALLEGA, S.L.U.	B15255920	12,28/100
3	PRINTER BROK 2010 SL	B54741905	2,02/100

E a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

SEGUNDO.- Propoñerlle ao órgano de contratación a adxudicación do contrato de servizos denominado “SERVIZO DE PRODUCCIÓN GRÁFICA DE 16.000 EXEMPLARES DUN LIBRO GUÍA DE EMPRESAS E SERVICIOS DO CONCELLO DE OLEIROS” á empresa PRODUCCIONES MIC, S.L. (B24301871) por un importe de 32.940,00 € (34.257,60 €, IVE incl.); de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación e coa oferta presentada.





3.- 2023/CONTRAT/000153: CONTRATACION DO MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS TÉRMICAS DO CONCELLO DE OLEIROS

Por Resolución da 1ª Tenente da Alcalde nº 2023005516, de 6 de novembro do 2023 aprobouse o procedemento aberto simplificado sumario para a contratación da prestación de servizo denominada “CONTRATACION DO MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS TÉRMICAS DO CONCELLO DE OLEIROS”.

O importe de licitación é de 46.000,00 €, ao que se lle suma un 21 % de IVE (9.660,00 €), o que supón un importe de 55.660,00 € IVE engadido. O prazo de execución do referido contrato é de UN (1) ano, sen posibilidade de prórroga, tal e como se establece nos pregos de cláusulas técnicas do contrato. O valor estimado ascende a 55.200,00 €.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 7 de novembro do 2023

Rematado o día 21 de novembro do 2023 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da Empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación de oferta
FONELEC-NOS S.L.	B15054000	21-11-2023 18:53
FRICALOR INSTALACIONES, S.L.	B70229745	17-11-2023 18:53
MONCOBRA, S.A.	A78990413	21-11-2023 10:14

De seguido, a Mesa procede á apertura do arquivo ou sobre electrónico Único presentado polas empresas licitadora denominado “Documentación administrativa e proposición”.

Deste xeito, con respecto á documentación administrativa, en acto non público, a Mesa realiza as seguintes comprobacións:

Contido	Documento no que figura	FONELEC-NOS S.L.	FRICALOR INSTALACIONES, S.L.	MONCOBRA, S.A.	
Autorizacións e declaracións	Datos do licitador a efectos de notificación electrónica	Anexo IV	Cumpre	Cumpre	Cumpre
	Autorizacións para a consulta de datos	Anexo IV	Cumpre	Cumpre	Cumpre
	Pertenza ou non a grupo de empresas	Anexo IV	Cumpre	Cumpre	Cumpre
	Compromiso de constitución de UTE	Anexo IV	Cumpre	Cumpre	Cumpre





	Registro contratistas	Anexo IV	Cumpre	Cumpre	Cumpre
	Datos de subcontratación	Anexo IV	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Capacidade de obrar		DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Cumprimento coas obrigas tributarias		DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Cumprimento coas obrigas da Seguridade Social		DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Non estar incurso en incompatibilidades		DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Non prohibición de contratar		DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Declaración de sometemento á lexislación española		DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Solvencia técnica		DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Solvencia económica		DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre

Deste xeito, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Admitir a tódalas empresas presentadas a esta licitación.

Así, a continuación, a Mesa procede, en acto público ao que non se presenta ningún asistente, á apertura da oferta económica e demais criterios obxectivos citados no prego de cláusulas administrativas. Esta documentación é remitida aos servizos económicos da Mesa para a súa avaliación.

Os servizos económicos da Mesa de Contratación, unha vez comprobado que, consonte ao establecido nos pregos, as ofertas presentadas non se atopan en situación de oferta anormalmente baixa, proceden a valoralas.

O resumo das ofertas achegase a continuación:

CRITERIO		FONELEC-NOS S.L.	FRICALOR INSTALACIONES, S.L.	MONCOBRA, S.A.
Oferta económica sen IVE	Importe	41.660,00 €	42.807,00 €	44.418,31 €
	Puntos	---/ 60,00	---/ 60,00	---/ 60,00
Tempo de resposta inferior a 2 horas	Sí/Non	Sí	Sí	Sí
	Puntos	---/ 20,00	--- / 20,00	--- / 20,00
Amplitude de catálogo	Nº de referencias	300 (non presenta o catálogo esixido no PCAP)	75.000 (non presenta o catálogo esixido no PCAP)	21.598 (non presenta o catálogo esixido no PCAP)
	Puntos	---/10,00	---/10,00	---/10,00
Desconto medio ofertado	Desconto	18,68 %	20 %	1 %
	Puntos	---/10,00	---/10,00	---/10,00
PUNTUACIÓN TOTAL ÚNICO		---/ 100	---/ 100	---/ 100





**CONCELLO DE
OLEIROS**

**> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio**

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

Así, a Mesa comproba que ningunha das tres empresas presenta o catálogo de produtos esixido no Anexo X do PCAP: "Os licitadores deberán achegar un exemplar do seu catálogo de produtos, indicando PVP". A empresa MONCOBRA, S.A. remite a unha páxina web na que non queda claro como e onde ver e comprobar esta documentación. A Mesa considera necesario requirirlle as tres empresas dita documentación esixida no Prego, e co fin de comprobar a veracidade do nº de referencias ofertado no criterio de adxudicación "Amplitude de catálogo".

Xa que logo, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Concederlle as tres empresas licitadoras un prazo de TRES DÍAS HÁBILES contados a partir do día seguinte ao da envío desta comunicación para que emenden os defectos atopados na documentación presentada.





4.- 2023/CONTRAT/000133: ACONDICIONAMENTO DA RÚA BREA, RÚA BARCALA, RÚA ESPADANA E UN TREITO DA RÚA FORNOS

Por Decreto da Alcaldía nº 2023005191, de 19 de outubro do 2023, aprobouse o procedemento aberto para a contratación da obra denominada “ACONDICIONAMENTO DA RÚA BREA, RÚA BARCALA, RÚA ESPADANA E UN TREITO DA RÚA FORNOS”.

O importe de licitación é de 378.759,99 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (79.539,60 €), o que supón un importe de 458.299,59 € IVE engadido.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 19 de outubro do 2023.

Rematado o día 14 de novembro do 2023 o prazo de presentación de ofertas resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación de oferta
CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	B15072713	14-11-2023 16:53
FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.	B15009533	14-11-2023 12:58

A Mesa de Contratación, reunida o pasado día 16 de novembro do 2023, procedeu á apertura e comprobación do arquivo ou sobre electrónico “1” presentado polas empresas licitadoras denominado “Documentación administrativa” e acordou admitir a tódalas empresas presentadas a esta licitación.

A continuación procedeuse a apertura dos arquivos ou sobres electrónicos “2”, os cales foron remitidos a informe do Comité de Expertos que se designa no designado no Anexo XI PCAP para que sexan avaliados de conformidade cos criterios reflectidos no citado Anexo XI.

Por Decreto nº 2023005859 de 21 de novembro do 2023 modificouse a composición do Comité de Expertos. Dito Decreto foi publicado no Perfil do Contratante con data de 22 de novembro do 2023.

O día 22 de novembro do 2023, o Comité de Expertos emite informe técnico de valoración das ofertas suxeitas a xuízo de valor.

Procedería que, neste acto, a Mesa tomase coñecemento do devandito informe e procedera, se é o caso, á apertura da documentación contida nos sobres “3” denominados “Oferta económica e referencias valorables automaticamente”





Así, a continuación, a Mesa procede, en acto público ao que non se presenta ningún asistente, a tomar coñecemento do informe técnico emitido ao respecto dos sobres “2” e á posterior apertura, se é o caso, da documentación contida nos sobres “3”.

Do informe emitido, que se publicará na PLACSP xunto coa Acta desta Mesa, extráense as seguintes puntuacións das empresas admitidas para os criterios subxectivos a valorar consonte ao PCAP:

EMPRESAS	CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN SUBXECTIVOS
	PROGRAMA DE TRABAJO
CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	48,50
FRANCISCO GOMEZ Y CIA., S.L.	42,00

A continuación, a Mesa procede á apertura e comprobación da documentación contida no sobre “3” das empresas admitidas, correspondente á oferta económica e demais criterios obxectivos citados no prego de cláusulas administrativas. Esta documentación é remitida aos servizos económicos da Mesa para a súa avaliación.

Así, os servizos económicos da Mesa de Contratación, unha vez comprobado que, consonte ao establecido nos pregos, as ofertas presentadas non se atopan en situación de oferta anormalmente baixa, proceden a valoralas e puntualas. O resumo das puntuacións achégase no seguinte cadro:

CRITERIO		CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.
Oferta económica sen IVE	Importe	364.350,00 €	378.117,36 €
	Puntos	8,87 / 30,00	0,40 / 30,00
Incremento prazo garantía	Si / Non	Si. Aumento de 4 anos	Si. Aumento de 4 anos
	Puntos	5,00 / 5,00	5,00 / 5,00
MELLORA 1.- Incremento das prestacións da MBQ da capa de rodadura	Si / Non	Si	Si
	Puntos	3,00 / 3,00	3,00 / 3,00
MELLORA 2.- Incremento do espesor da capa de formigón bituminoso	Si / Non	Si, 1 cm	Si, 1 cm
	Puntos	5,00 / 5,00	5,00 / 5,00
MELLORA 3.- Recrecido de tapas con morteiro de alta resistencia e fraguado rápido	Si / Non	Sí	Sí
	Puntos	2,00 / 2,00	2,00 / 2,00
MELLORA 4.- Redución do prazo para a redacción e presentación do PSS	Si / Non	Sí, presentación nunha (1) semana	Sí, presentación nunha (1) semana
	Puntos	5,00 / 5,00	5,00 / 5,00
PUNTUACIÓN SOBRE Nº 3		28,87 / 50,00	20,40 / 50,00

Dada a valoración exposta, establécense as seguintes listaxes ordenadas por puntuación:





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

POSIC.	EMPRESA	NIF	Sobre 2	Sobre 3	TOTAL
1	CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	B15072713	48,50 / 50,00	28,87/ 50,00	77,37 / 100,00
2	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.	B15009533	42,00 / 50,00	20,40 / 50,00	62,40 / 100,00

E a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Propoñerlle ao órgano de contratación a adxudicación do contrato de obra denominado “ACONDICIONAMENTO DA RÚA BREA, RÚA BARCALA, RÚA ESPADANA E UN TREITO DA RÚA FORNOS” á empresa “CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.” (B15072713) por un importe de 364.350,00 € (440.863,50 € IVE incl.); de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación e coa oferta presentada.





5.- 2023/CONTRAT/000113: ACONDICIONAMENTO DAS RÚAS HUMBOLDT E LINNEO (PERILLO)

Mediante Decreto da Alcaldía nº 2023004711, de 25 de setembro, aprobouse o expediente para a contratación, por medio de procedemento aberto, da obra de “ACONDICIONAMENTO DAS RÚAS HUMBOLDT E LINNEO (POS+ ADICIONAL 2/2023 1ª FASE)”, polo importe de 397.380,58 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (83.449,92 €), o que supón un importe de 480.830,50 € IVE engadido.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 26 de setembro do 2023.

Rematado o día 23 de outubro do 2023 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

NOME DA EMPRESA	Nº IDENTIFICACIÓN	Data e hora de
CIVIS GLOBAL, S.L.U.	B36684157	23-10-2023 18:51
CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	B15072713	23-10-2023 17:47
MANUEL RIVAS BOQUETE, S.L.	B15066012	23-10-2023 19:44

A Mesa de Contratación, reunida o pasado día 26 de outubro do 2023, procedeu á apertura e comprobación do arquivo ou sobre electrónico “A” presentado polas empresas licitadoras denominado “Documentación administrativa” e acordou admitir a tódalas empresas presentadas a esta licitación.

A continuación procedeuse a apertura dos arquivos ou sobres electrónicos “B”, os cales foron remitidos a informe do Comité de Expertos que se cita no “anexo I: Cadro de Características do Contrato” do PCAP para a súa avaliación de conformidade cos criterios reflectidos na fase I do anexo IV do PCAP.

O día 8 de novembro do 2023, o Comité de expertos nomeado emite informe técnico de valoración das ofertas suxeitas a xuízo de valor.

A Mesa de Contratación reunida o día 9 de novembro do 2023 procedeu a tomar coñecemento do informe técnico emitido ao respecto dos sobres “B” e á posterior apertura da documentación contida nos sobres “C”.

Do informe emitido extráense as seguintes puntuacións das empresas admitidas para os criterios subxectivos a valorar consonte ao PCAP:

EMPRESAS	CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS			PUNTUACIÓN TOTAL SOBRES “B”
	PROGRAMA DE TRABAJO	PROGRAMA DE ACTUACIÓN AMBIENTAL	ESQUEMA DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE	





CIVIS GLOBAL, S.L.U.	13,25	7,75	5,20	26,20
CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	13,50	7,80	5,10	26,40
MANUEL RIVAS BOQUETE, S. L.	20,00	9,75	5,20	34,95

A continuación, a Mesa procedeu á apertura e comprobación da documentación contida no sobre “C” das empresas admitidas, correspondente á oferta económica e demais criterios obxectivos citados no prego-tipo de cláusulas administrativas. Esta documentación é remitida aos servizos económicos da Mesa para a súa avaliación.

Así, os servizos económicos da Mesa de Contratación, aplicando o disposto na cláusula 15.4 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares, indican que as ofertas presentadas por “CIVIS GLOBAL, S.L.U.” e “MANUEL RIVAS BOQUETE, S.L.” estarían en situación de oferta anormalmente baixa polo que acordou concederlles un prazo de cinco días hábiles para que xustifiquen as oferta presentada nos termos previstos no art. 149.4 da LCSP e cláusula 15.4.4 do prego-tipo de cláusulas administrativas.

O día 15 de novembro do 2023, “CIVIS GLOBAL, S.L.U.” presenta a documentación que considera oportuna para xustificar a súa oferta económica. O día 16 de novembro do 2023 preséntana “MANUEL RIVAS BOQUETE, S.L.”. Esta documentación é remitida aos servizos técnicos para que a examinen e emitan informe ao respecto.

O día 20 de novembro do 2023, dona M^a Isabel Freire Ramos, Enxeñeira Municipal, emite informe técnico valorando a documentación xustificativa presentada polas empresas.

Xa que logo, procedería dar conta á Mesa de Contratación do informe emitido ao respecto e, se é o caso, realizar o acto de valoración das ofertas admitidas presentadas ao sobre “C”.

Así, neste intre, en acto público ao que non se presenta ningún asistente, procédese a dar conta do informe técnico emitido ao respecto. Neste informe -que se publicará na PLACSP para o seu coñecemento por calquera interesado/a-, a técnico considera suficientemente xustificada a oferta económica realizada pola empresa MANUEL RIVAS BOQUETE, S. L., e considera non adecuadamente xustificada a oferta económica realizada pola empresa CIVIS GLOBAL, S.L.U.; e conclúe:

*“En conclusión, con base en tódolos motivos anteriormente expostos, a criterio deste servizo técnico, unicamente **considérase suficientemente xustificada a oferta económica realizada pola empresa MANUEL RIVAS BOQUETE, S. L.** para a licitación da obra de “Acondicionamento das rúas Humboldt e Linneo” segundo o establecido na lexislación e no PCAP, xa que se xustifican de forma obxectiva os puntos estipulados nel en tódolos seus apartados; considerando que **a oferta económica realizada pola empresa CIVIS GLOBAL, S.L.U. non queda adecuadamente xustificada.**”*

En consecuencia, tendo en conta o informe técnico emitido, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Admitir a esta licitación a oferta presentada por “MANUEL RIVAS BOQUETE, S. L.”, “por considerar xustificada a oferta anormalmente baixa presentada.





SEGUNDO.- Excluir desta licitación a oferta presentada por “CIVIS GLOBAL, S.L.U.”, “por considerar non xustificada a oferta anormalmente baixa presentada.

A continuación, os servizos económicos da Mesa proceden á valoración das ofertas admitidas no sobre “C”, resultando:

CRITERIO		<u>CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.</u>	<u>MANUEL RIVAS BOQUETE, S.L.</u>
Oferta económica	Importe	395.390,00 €	373.537,19 €
	Puntos	2,05/ 34,80	9,74/ 34,80
% persoal fixo en relación co persoal global da empresa	%	83,96 %	77,77 %
	Puntos	10,00 / 10,00	10,00 / 10,00
PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE 3		12,05/ 44,80	19,74/ 44,80

Dada a valoración exposta, establécense as seguintes listaxes ordenadas por puntuación:

POSIC.	EMPRESA	NIF	Sobre 1	Sobre 2	TOTAL
1	MANUEL RIVAS BOQUETE, S.L.	B15066012	34,95 / 35,20	19,74 / 44,80	54,69 / 80,00
2	CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	B15072713	26,40 / 35,20	12,05 / 44,80	38,45 / 80,00

E a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Propoñerlle ao órgano de contratación a adxudicación do contrato de obra denominado “ACONDICIONAMENTO DAS RÚAS HUMBOLDT E LINNEO (POS+ ADICIONAL 2/2023 1ª FASE)” á empresa “MANUEL RIVAS BOQUETE, S.L.” (B15066012) por un importe de 373.537,19 € (451.980,00 € IVE incl.); de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación e coa oferta presentada.





6.- 2023/CONTRAT/000136: PAVIMENTACIÓN E ACONDICIONAMENTO DA RÚA PIÑEIRO (POS+ADICIONAL 2023)

Mediante Decreto da Alcaldía nº 2023004842, de 3 de outubro, aprobouse o expediente para a contratación, por medio de procedemento aberto, da obra de “PAVIMENTACIÓN E ACONDICIONAMENTO DA RÚA PIÑEIRO (POS+ ADICIONAL 2023 1ª FASE)”, polo importe de 249.800,95 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (52.458,20 €), o que supón un importe de 302.259,15 € IVE engadido.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 4 de outubro do 2023

Rematado o día 30 de outubro do 2023 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

NOME DA EMPRESA	Nº IDENTIFICACIÓN	Data e hora de
CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	B15072713	30-10-2023 15:32
EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L.	B15410608	30-10-2023 17:27
HORDESCON, S.L.	B32108334	30-10-2023 13:08

A Mesa de Contratación, reunida o pasado día 2 de novembro do 2023, procedeu á apertura e comprobación do arquivo ou sobre electrónico “A” presentado polas empresas licitadoras denominado “Documentación administrativa” e acordou admitir a tódalas empresas presentadas a esta licitación.

A continuación procedeuse a apertura dos arquivos ou sobres electrónicos “B”, os cales foron remitidos a informe do Comité de Expertos que se cita no “anexo I: Cadro de Características do Contrato” do PCAP para a súa avaliación de conformidade cos criterios reflectidos na fase I do anexo IV do PCAP.

O día 8 de novembro do 2023, o Comité de expertos nomeado emite informe técnico de valoración das ofertas suxeitas a xuízo de valor.

A Mesa reunida o día 9 de novembro do 2023 procedeu a tomar coñecemento do informe técnico emitido ao respecto dos sobres “B” e á posterior apertura, se é o caso, da documentación contida nos sobres “C”.

Do informe emitido extráense as seguintes puntuacións das empresas admitidas para os criterios subxectivos a valorar consonte ao PCAP:





EMPRESAS	CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS			PUNTUACIÓN TOTAL SOBRES "B"
	PROGRAMA DE TRABAJO	PROGRAMA DE ACTUACIÓN AMBIENTAL	ESQUEMA DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE	
CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	18,25	9,50	5,10	32,85
EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L.	19,75	9,75	5,00	34,50
HORDESCON, S.L.	13,10	6,75	4,90	24,75

A continuación, a Mesa procedeu á apertura e comprobación da documentación contida no sobre "C" das empresas admitidas, correspondente á oferta económica e demais criterios obxectivos citados no prego-tipo de cláusulas administrativas. Esta documentación é remitida aos servizos económicos da Mesa para a súa avaliación.

Así, os servizos económicos da Mesa de Contratación, aplicando o disposto na cláusula 15.4 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares, indican que as ofertas presentadas por "EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L." e "HORDESCON, S.L." estarían en situación de oferta anormalmente baixa, polo que se lles concedeu un prazo de cinco días hábiles para xustificasen a oferta presentada nos termos previstos no art. 149.4 da LCSP.

O día 16 de novembro do 2023, EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L." e "HORDESCON, S.L." presentan a documentación que consideran oportuna para xustificar a súa oferta económica. Esta documentación é remitida aos servizos técnicos para que a examinen e emitan informe ao respecto.

O día 20 de novembro do 2023, dona M^a Isabel Freire Ramos, Enxeñeira Municipal, emite informe técnico valorando a documentación xustificativa presentada polas empresas.

Xa que logo, procedería dar conta á Mesa de Contratación do informe emitido ao respecto e, se é o caso, realizar o acto de valoración das ofertas admitidas presentadas ao sobre "C".

Así, neste intre, en acto público ao que non se presenta ningún asistente, procédese a dar conta do informe técnico emitido ao respecto. Neste informe -que se publicará na PLACSP para o seu coñecemento por calquera interesado/a-, a técnico considera xustificada a oferta económica presentada por EXPLOTACIONES GALLEGAS, S. L., e non suficientemente xustificada a oferta presentada por "HORDESCON, S.L."; e conclúe:

*"En conclusión, con base en tódolos motivos anteriormente expostos, a criterio deste servizo técnico, unicamente **considérase suficientemente xustificada a oferta económica realizada pola empresa EXPLOTACIONES GALLEGAS, S. L.** para a licitación da obra de "Pavimentación e acondicionamento da rúa Piñeiro" segundo o establecido na lexislación e no PCAP, xa que se xustifican de forma obxectiva os puntos estipulados nel en tódolos seus apartados; considerando que **a oferta económica realizada pola empresa HORDESCON, S. L. non queda adecuadamente xustificada.**"*

En consecuencia, tendo en conta o informe técnico emitido, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, acorda:





PRIMEIRO.- Admitir a esta licitación a oferta presentada por “EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L.” por considerar xustificada a oferta anormalmente baixa presentada.

SEGUNDO.- Excluir desta licitación a oferta presentada por “HORDESCON, S.L.” “por considerar non xustificada a oferta anormalmente baixa presentada.

A continuación, os servizos económicos da Mesa proceden á valoración das ofertas admitidas no sobre “C”, resultando:

CRITERIO		CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L.
Oferta económica	Importe	249.550,00 €	234.230,58 €
	Puntos	0,16 / 34,80	10,12 / 34,80
% persoal fixo en relación co persoal global da empresa	%	83,96 %	93,75 %
	Puntos	10,00 / 10,00	10,00 / 10,00
PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE 3		10,16 / 44,80	20,12 / 44,80

Dada a valoración exposta, establécense as seguintes listaxes ordenadas por puntuación:

POSIC.	EMPRESA	NIF	Sobre 1	Sobre 2	TOTAL
1	EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L.	B15410608	34,50 / 35,20	20,12 / 44,80	54,62 / 80,00
2	CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	B15072713	32,85 / 35,20	10,16 / 44,80	43,01 / 80,00

E a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Propoñerlle ao órgano de contratación a adjudicación do contrato de obra denominado “PAVIMENTACIÓN E ACONDICIONAMENTO DA RÚA PIÑEIRO (POS+ ADICIONAL 2023 1ª FASE)” á empresa “EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L.” (B15410608) por un importe de **234.230,58 €** (283.419,00 € IVE incl.); de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación e coa oferta presentada.





7.- 2023/CONTRAT/000138: SUBSTITUCIÓN DO PAVIMENTO DAS SENDAS PEONÍS DO PARQUE DAS 13 ROSAS – AS GALERAS (POS+ ADICIONAL 2/2023 1ª FASE)

Mediante Decreto da Alcaldía nº 2023004844, de 3 de outubro, aprobouse o expediente para a contratación, por medio de procedemento aberto, da obra de “SUBSTITUCIÓN DO PAVIMENTO DAS SENDAS PEONÍS DO PARQUE DAS TRECE ROSAS – AS GALERAS (POS+ ADICIONAL 2/2023 1ª FASE)”, polo importe de 234.586,97 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (49.263,26 €), o que supón un importe de 283.850,23 € IVE engadido.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 4 de outubro do 2023

Rematado o día 30 de outubro do 2023 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

NOME DA EMPRESA	Nº IDENTIFICACIÓN	Data e hora de presentación de oferta
BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L.	B15840861	30-10-2023 15:03
CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	B15072713	30-10-2023 17:01
EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L.	B15410608	30-10-2023 17:00

A Mesa de Contratación, reunida o pasado día 2 de novembro do 2023, procedeu á apertura e comprobación do arquivo ou sobre electrónico “A” presentado polas empresas licitadoras denominado “Documentación administrativa” e acordou admitir a tódalas empresas presentadas a esta licitación.

A continuación procedeuse a apertura dos arquivos ou sobres electrónicos “B”, os cales foron remitidos a informe do Comité de Expertos que se cita no “anexo I: Cadro de Características do Contrato” do PCAP para a súa avaliación de conformidade cos criterios reflectidos na fase I do anexo IV do PCAP.

O día 9 de novembro do 2023, o Comité de expertos nomeado emite informe técnico de valoración das ofertas suxeitas a xuízo de valor.

A Mesa reunida o día 9 de novembro do 2023 procedeu a tomar coñecemento do informe técnico emitido ao respecto dos sobres “B” e á posterior apertura, se é o caso, da documentación contida nos sobres “C”.

Do informe emitido extráense as seguintes puntuacións das empresas admitidas para os criterios subxectivos a valorar consonte ao PCAP:

EMPRESAS	CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS				PUNTUACIÓN TOTAL SOBRES “B”
	PROGRAMA DE TRABAJO	PROGRAMA DE	ESQUEMA DO PLAN	DO DE	





		ACTUACIÓN AMBIENTAL	SEGURIDADE E SAÚDE	
BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L.	14,00	7,00	3,10	24,10
EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L.	14,25	7,25	3,35	24,85
CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	18,50	10,00	5,00	33,50

A continuación, a Mesa procede á apertura e comprobación da documentación contida no sobre “C” das empresas admitidas, correspondente á oferta económica e demais criterios obxectivos citados no prego-tipo de cláusulas administrativas. Esta documentación é remitida aos servizos económicos da Mesa para a súa avaliación.

Así, os servizos económicos da Mesa de Contratación, aplicando o disposto na cláusula 15.4 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares, indican que as ofertas presentadas por “BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L.”, “EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L.” e “CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.” estarían en situación de oferta anormalmente baixa, polo que se lles concedeu un prazo de cinco días hábiles para xustificasen a oferta presentada nos termos previstos no art. 149.4 da LCSP.

O día 16 de novembro do 2023 as tres empresas presentan a documentación que consideran oportuna para xustificar a súa oferta económica. Esta documentación é remitida aos servizos técnicos para que a examinen e emitan informe ao respecto.

O día 22 de novembro do 2023, don Jose Luis Jares Vázquez, Arquitecto Técnico Municipal, emite informe técnico valorando a documentación xustificativa presentada polas empresas.

Xa que logo, procedería dar conta á Mesa de Contratación do informe emitido ao respecto e, se é o caso, realizar o acto de valoración das ofertas admitidas presentadas ao sobre “C”.

Así, neste intre, en acto público ao que non se presenta ningún asistente, procédese a dar conta do informe técnico emitido ao respecto. Neste informe -que se publicará na PLACSP para o seu coñecemento por calquera interesado/a-, a técnico considera xustificadas as ofertas económicas presentadas polas licitadoras para asegurar unha correcta execución dos traballos coa oferta presentada; e conclúe:

*“En conclusión, con base en tódolos motivos anteriormente expostos, a criterio deste servizo técnico, **unicamente considéranse suficientemente xustificadas as ofertas económicas presentadas polas empresas Construcciones López Cao, S.L. e Explotaciones Gallegas, S.L.** para a licitación da obra de “Substitución do pavimento das sendas peonís do parque das 13 Rosas – As Galeras” xa que se xustifican de forma obxectiva, segundo a normativa de aplicación e o PCAP, todos os puntos estipulados en todos os seus apartados; considerándose que **a oferta económica presentada polo licitador BCNOR Gestión y Soluciones Avanzadas, S.L. non queda adecuadamente xustificada, xa que a súa xustificación non se adapta ao establecido no PCAP en todos os seus apartados.**”*

En consecuencia, tendo en conta o informe técnico emitido, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, acorda:





PRIMEIRO.- Admitir a esta licitación as ofertas presentadas por “CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.”, e “EXPLORACIONES GALLEGAS, S.L.” por considerar xustificadas as ofertas anormalmente baixas presentadas.

SEGUNDO.- Excluir desta licitación a oferta presentada por “BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L.” por considerar non xustificada a oferta anormalmente baixa presentada.

A continuación, os servizos económicos da Mesa proceden á valoración das ofertas admitidas no sobre “C”, resultando:

CRITERIO		<u>EXPLORACIONES GALLEGAS, S.L.</u>	<u>CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.</u>
Oferta económica	Importe	229.851,24 €	225.430,00 €
	Puntos	3,28 / 34,80	6,33 / 34,80
% persoal fixo en relación co persoal global da empresa	%	93,75 %	83,96 %
	Puntos	10,00 / 10,00	10,00 / 10,00
Puntuación total sobre 3		13,28 / 44,80	16,33 / 44,80

Dada a valoración exposta, establécense as seguintes listaxes ordenadas por puntuación:

POSIC.	EMPRESA	NIF	Sobre 1	Sobre 2	TOTAL
1	CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	B15072713	33,50 / 35,20	16,33 / 44,80	49,83 / 80,00
2	EXPLORACIONES GALLEGAS, S.L.	B15410608	24,85 / 35,20	13,28 / 44,80	38,13 / 80,00

E a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Propoñerlle ao órgano de contratación a adxudicación do contrato de obra denominado “SUBSTITUCIÓN DO PAVIMENTO DAS SENDAS PEONÍS DO PARQUE DAS TRECE ROSAS – AS GALERAS (POS+ ADICIONAL 2/2023 1ª FASE)” á empresa “CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.” (B15072713) por un importe de 225.430,00 € (272.770,30 € IVE incl.); de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación e coa oferta presentada.

Non habendo máis asuntos a tratar, eu, como Secretario, certifico co visto e praxe da Presidenta.

En Oleiros, asinado dixitalmente polo Secretario da Mesa de Contratación, don Iago A. López Álvarez, e a presidenta da Mesa de Contratación D^a Sandra Fernández Fernández, Concelleira delegada de Economía, Facenda e Contratación

